



Estoxo con catro casetes dunha hora de duración. Contén gravacións de: Xesús Ferro Couselo, Ramón Otero Pedrayo, Xesús Taboada Chivite, e Xoaquín Lorenzo, editadas con motivo do centenario do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

**AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN
FERNÁNDEZ**

Ourense, 1960

Catedrático de Lingua e Literatura Galegas no IES "As Lagoas" de Ourense. Participa no Clube Cultural Ale-

xandre Bóveda, no Grupo Marcelo-Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provinciais de Ourense, na Fundación Otero Pedrayo e colabora co Consello da Cultura Galega a través das Comisións de Cultura Galega no Exterior e Arquivo Sonoro en tra-

ballos de recuperación de documentación histórica (hemerográfica, fotográfica, sonora, etc.) tanto en Galicia como en Bos Aires.



Xoaquín Lorenzo, 1979

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

Na primavera de 1979 o mundo fervía. Jomeiny chegaba a Irán en febreiro. Margaret Thatcher era elixida en maio. Os sandinistas facíanse co poder en xuño. España viña de aprobar unha Constitución democrática en decembro pasado, celebraba elección xerais o 1 de marzo, e a constitución dos concellos democráticos en abril.

Ourense latía co pulso da época. Buscaba, de moitos xeitos, o seu oco de identificación na historia.

Un deles, o máis modesto, foi a constitución dunha “Comisión Cidadá” para celebrar a Festa das Letras Galegas. Eran tempos de ilusión nos que un pequeno grupo de persoas sen transcendencia na marcha do mundo político, pero con vontade de influír na

concienciación cidadá, se xuntaban a redor daquela ou doutras iniciativas ocasionais non exentas de romanticismo, como a exitosa para salvar o Teatro Principal.

Algunhas das actividades daquela “comisión cidadá polas letras galegas” das que gardo lembranza foron unha festa infantil na praza da Magdalena, un acto no salón dos Salesianos e, o que nos ocupa, unha serie de entrevistas realizadas por uns mozos “botados para adiante” a persoeiros do mundo da cultura e que se emitiron logo, coido, en Radio Ourense. Con dezanove inexpertos anos, e sen o temor ó ridículo propio da idade, cadroume entrevistar nun par de días a Ramón Piñeiro, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor e Xoaquín Lorenzo Fernández.

A gravación destas charlas (a de Xocas e Blanco Amor en cadansúa casa, a de Celso Emilio no Hotel Padre Feijóo e a de Ramón Piñeiro na Casa de Chocolate) influirían, sen dúbida, nunha teima persoal sobre a necesidade de formación dunha fonoteca de conservación para Galicia. Traballando nesta dirección co Consello da Cultura Galega, a través do programa Arquivo Sonoro de Galicia e en colaboración co Grupo Marcelo Macías do Museo Arqueolóxico de Ourense, editamos con motivo do centenario do Museo de Ourense, hai catro anos, un estoxo con catro casetes dunha hora de duración: Xesús Ferro Couselo, Ramón Otero Pedrayo, Xesús Taboada Chivite, e Xoaquín Lorenzo. Esta última cinta incluía unha escolma de dúas entrevistas:



unha de Alfredo Vara de 1985, publicada no seu momento en “La Voz de Galicia” e outra, da que hoxe ofrecemos a transcripción, que foi a realizada por min en maio de 1979. Para quen as queira escoitar, aínda queda fondos no Museo Arqueolóxico.

Nesa altura, os mozos interesados nestas cousas, encontrábanos en Ourense, con dous persoeiros que funcionaban como elementos referenciais do polimorfismo da rexurdente cultura galega. Facendo un pouco de reduccionismo, podemos lembrar, coido que sen enganarnos, o esgrevio e difícil Eduardo Blanco Amor, como unha personalidade seductora pola súa calidade de creador, transgresor, home de mundo e progresista comprometido coa marcha social e política do momento. Viamos, por outra banda, ó amabilísimo Xocas como o máximo expoñente na cidade da continuación da fidelidade á tradición de traballo cultural conservador do galeguismo local, sempre disposto a participar emocionadamente *-non sei dicir que non*, repetía moitas veces- cando era requirida a súa colaboración por parte dos que el consideraba, paternal e paternalmente, *rapaces*.

Esta transcripción, na que colaborou o bolseiro do programa

Na casa de Vicente Risco xuntábanse moitas xentes. Alí se catalogaron castros, alí se recolleron cantigas, alí se clasificaron contos, alí se fixeron toda unha serie de obras que quedaron.

Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega, Antonio González Salgado, é unha modesta homenaxe á súa persoa e ó seu compromiso vital.

TRANSCRIPCIÓN DA ENTREVISTA:

A ORIXE DO GALEGUISMO CULTURAL OURENSÁN

Pra eso baise que remontar alá atrás, ós anos en que Risco, Cuevillas e Otero iniciaron eiquí unha laboura marabillosa de potenciación do galego como lingua científica: é o “Nós”. De alí saíu o “Nós”, e o “Nós” é un fito fundamental na cultura galega.

Na casa de Vicente Risco xuntábanse moitas xentes. Uns de paso ían un día e outro non volvían. Outras veces eran xentes



de fóra que pasaban por Ourense e ían recalar alí pra pórense en contacto con estes homes... e logo pois eramos uns cantos que dunha maneira permanente e constante íamos traballar alí. Unhas veces eran tertulias outras veces eran traballos pero sempre unha laboura feita, claro está, dirixida por eles. Alí se catalogaron castros, alí se recolleron cantigas, alí se clasificaron contos, alí se fixeron toda unha serie de obras que quedaron. Moitas perdéronse despois, traballos que non chegaron a publicarse, e perdéronse como consecuencia de todas estas circunstancias que produciron unha ruptura, un iatus no movemento galego.



Pero alí formáronse homes, homes en tódolos terreos. Eu non podo agora lembralos todos un por un, pero en fin, como mostras pois baste falar por exemplo de Prego, que ía alí e alí facía os seus debuxos.

os domingos a facer esas visitas. En xeral, os constantes, como dixen, eran Otero, Risco, Cuevillas, Ben-Cho-Sei, e mais eu.

Pero alí formáronse homes, homes en tódolos terreos. Eu non podo agora lembralos todos un por un, pero en fin, como mostras pois baste falar por exemplo de Prego, que ía alí e alí facía os seus debuxos, o desaparecido Trabazo, Luís Trabazo, tamén opinaba e escribía, ía o Ben-Cho-Sei, ía Xesús Taboada, ía eu e despois, claro está, Cuevillas, Risco, Otero, dunha maneira permanente.

Os domingos por exemplo saíamos ós arredores, unhas veces máis lonxe outras máis preto, a catalogar unha eirexa, a visitar un castro, a recoller cantigas ou contos de alguén que sabíamos que, en fin, que as coñecía.

Por certo que hai unha anécdota da que non oín falar nunca e que ten certa gracia. Iamos

Despois agregábase algún outro unhas veces si e outras non. Pero sempre nos atopábamos coa mesma dificultade: sempre tiñamos que saír con certa tardanza, sempre con retraso, porque había entre todos estes un home amante do fútbol que non quería saír de Ourense mentres non rematasen os partidos que se xogaban entón no campo do Loña, o antigo campo de fútbol que xa desapareceu. E este home non toleraba saír de Ourense sen ter visto o remate do partido, este home era nada máis e nada menos que Florentino Cuevillas.

Florentino Cuevillas, farmacéutico, empregado da Facenda, arqueólogo, e afeccionado ó fútbol. Despois máis tarde deixou-no, non volveu a ocuparse deso. Pero entón si.

A POSTGUERRA

Logo veu a Guerra e todo esto desorganizouse. En primeiro lugar, claro, as circunstancias nos levaron a uns a un sitio e a outros a outro. As dificultades de se xuntar, entón non se podían ter xuntanzas deste tipo e moito menos cuando tiñan un signo político, porque a nós, anque eramos uns homes adicados exclusivamente á ciencia pois éramos dises que eran “galeguistas”, e o ser galeguista era un crimen, e claro, non podíamos xuntarnos. E así foise espallando esto, e entramos nun período non direi de esquecemento, porque o esquecemento non o houbo nunca.

Todo aquel material que nós recolléramos, o material que se recolleu no “Seminario de Estudos Galegos” nos primeiros tempos, todo aquilo quedou, e a base deso, fóronse facendo unha serie de traballos que se publicaron en moitas revistas de eiquí. Unhas de eiquí de Galicia, por exemplo nos “Cuadernos de Estudos Galegos” do Ins-



Otero naceu, viviu e morreu eiquí, en fronte da miña casa. Cuevillas estaba aí ó lado, na Plaza do Ferro, e Risco un pouco máis adiante, na Rúa de Santo Domingo.

Debuxo de Conde Corbal en El Orense Perdurable.

tituto Padre Sarmiento co que quixeron substituír ó Seminario de Estudos Galegos. Outros no Consello Superior de Investigacións Científicas, na Revista de Dialectoloxía e na da Arqueoloxía.

E alí téñense publicado traballos ó longo de todo ese tempo. Alí publicou Risco, publicou Cuevillas, publicou Otero, publicou Xesús Taboada, publicou Bencho-Sei, publiquei eu, publicaron, en xeral publicamos tódolos que traballamos naquel núcleo. O que ocorre, é que claro, traballamos xa un pouco desligados uns dos outros. Xa non tiñamos esa colaboración mutua da que saíron por exemplo o libro da Terra de Melide, ou a xeira de Lalín ou onde se organizaban os Arquivos do Seminario de Estudos Galegos.

Agora xa non. Esa convivencia desapareceu en parte. Porque eu, por exemplo, continúei traballando codo con codo, sobre todo con Risco e con Cuevillas, constantemente, e o mesmo con Otero. A Otero tiña en fronte da miña casa. Otero naceu, viviu e morreu eiquí, en fronte da miña casa. Cuevillas estaba aí ó lado, na Plaza do Ferro, e Risco un pouco máis adiante, na Rúa de Santo Domingo. De maneira que nos viamos constantemente e así continuabamos ese traballo de colaboración, pero non a colaboración xa máis miúda, ata que claro, foron cambiando os tempos.

AS NOVAS INICIATIVAS: O MUSEO DO POBO GALEGO

Esto modificouse e hoxe estamos nun intre difícil pra a cultura galega de Ourense. Difícil

porque nos falta xente. Hai pouca xente pra traballar nela, porque a xente que está disposta a traballar e que quere traballar e lle interesa esto, non se queda en Ourense, vaíse a Santiago á Universidade. E traballan na Universidade e en Santiago, e a consecuencia de todo isto son estas novas asociacións ou estes novos centros de cultura que se están organizando hoxe: por exemplo un Museo do Pobo Galego, onde están colaborando unha enorme cantidade de xente, ou a Sociedade Galega de Historia Natural, que está facendo cousas moi interesantes. Precisamente acababan de publicar o segundo número dunha revista, Braña, e claro, estes rapaces si, están traballando e farán cousas moi grandes e moi boas. Estanas facendo xa, anque claro, tropezan de



momento con falta de medios, pero a falta de medios non foi un obstáculo nunca.

Eu teño a teoría de que estas agrupacións de tipo cultural soamente traballan ben cando están endebedadas. Mentres dispoñen de moito diñeiro non dan de si, materialízanse demasiado. En cambio cando se está debendo diñeiro é cando hai que apretar os codelos contra a mesa e hai que traballar de firme, e isto é o fundamental.

En realidade nós queremos todo no Museo do Pobo Galego. Porque cando se fala da cultura dun pobo non é só a cultura popular. Hai que ter en conta que a cultura popular dá despois lugar, valga a redundancia, á cultura culta. Un señor que inventa un arado de ferro, invéntao porque hai antes un arado de madeira feito polas xentes do pobo, senón el non podería inventalo. Un muíño mecánico ou un tear mecánico funcionan porque antes houbo uns populares, e a súa vez esta forma popular dos aparellos da cultura téñ tamén uns antecedentes de tipo histórico. Hai que ter en conta que o estudo dos periodos máis vellos da historia, a prehistoria concretamente, non é máis que etnografía.

Fóra dalgunha manifestación de tipo artístico que puidesemos tomar como unha cousa culta, en último término cousa moi discutible, o demais é cultura popular. Non hai motivo pra separar dentro deste tipo de estudos a machada do home paleolítico da machada que fai o ferreiro hoxe nunha forxa dunha aldea calquera. É o mesmo. Variou o material, variou a factura, pero é o pobo quen o fai, é o pobo quen o crea. Así o Museo do Pobo Galego comeza por aí, pola prehistoria, e logo claro, imos reunir todo o que poidamos en canto a eses obxectos materiais de cultura.

Pero por outro lado tampouco queremos que o Museo do Pobo Galego sexa unha obra morta. Non queremos que o Museo sexa un cuarto onde se meten

en frascos con alcohol uns exemplares de cousas pra que as xentes as vexan, non. Quere-mos algo vivo, e ese algo vivo farase a base de publicacións, a base de conferencias, a base dalgunhas exposicións, como algunhas que se fixeron eiquí no Museo Arqueolóxico. Por exemplo a da dorna, a dos cruceiros, a dos reloxes de sol, a do monte. Todo esto, que logo se fará dunha maneira itinerante en diversos pobos da Galiza, é ó que aspira o Museo do Pobo Galego, pra que a xente vexa, coñeza e se interese por esa cultura popular. Aínda que contemos, de momento, con poucos medios.

Esto é unha laboura de tempo e de diñeiro, pero temos o funda-



Pero por outro lado tampouco queremos que o Museo do Pobo Galego sexa unha obra morta. Non queremos que o Museo sexa un cuarto onde se meten en frascos con alcohol uns exemplares de cousas pra que as xentes as vexan, non. Quere-mos algo vivo.



mental. E o fundamental é, en primeiro lugar, un edificio onde estar instalados: que é o convento de San Domingos en Santiago. E despois, o que non se pode improvisar, un fato de rapaces que están traballando con todo o seu interés e con todo o seu corazón no Museo do Pobo Galego. Rapaces que fan todo o que hai que facer, dende pórllle selos ás cartas, ata montar as cousas no museo; pintar, instalar luces, facer o que baxa que facer, pero faise. E así se están abrindo cada ano novas salas. Agora, neste verán, contamos con que se abran dúas ou tres máis, e así, pouco a pouco, ir facendo unha recolleita de todo isto que se perde.

A URXENCIA DA RECOLLIDA ETNOGRÁFICA

Porque a etnografía está nun perigo gravísimo e a xente non

se dá conta deste perigo. Un castro ou as ruínas dunha vila romana, por exemplo, se non se escavan hoxe, escávanse dentro de cincuenta anos, as cousas están alí soterradas, esas xa non se perden. En cambio as cousas que o pobo usa, que vai desbotando, esas desaparecen. Hoxe xa é difícilísimo encontrar algunhas cousas destas do pobo. Hoxe un arado de madeira xa é difícil, unha cambela costa Dios e axuda dar con ela. Agora andamos eiquí atrás de conseguir unha barca "de dornas" do río Miño que desapareceron practicamente. E dese xeito, hai outras moitas cousas que se están perdendo definitivamente, que hai que recollelas agora, porque é o intre agora, en canto deixemos pasar uns anos, de todo eso non queda xa nada, e naturalmente esas cousas con vennos conservalas. A única maneira de entender un pobo é o entender a cultura dese pobo, e a cultura é a cultura popular;

que esa non se improvisa nin pode vir de fóra porque esa é obra do mesmo pobo. É tan obra do pobo como é o idioma. Nós non podemos esperar pra comunicarnos que nos veñan traer unha lingua de fóra. Temos que usar a nosa, o galego, e a nosa cultura ten que estar baseada nesa cultura popular, na cultura que fixo o pobo. Poden vir de fóra mestres da pintura ou da escultura ou da literatura, do que non poden vir é mestres que sean capaces de facernos un arado de madeira ou de facernos unha agrade ou de montarnos un muíño de rodicio.

Hai que ter en conta que neste traballo hai dous aspectos: un é a recollida de material, e outro o estudio dese material. E a recollida deste material é unha cousa perfectamente factible. Grupos de rapaces por exemplo que saisen a facer excursións e nas que levasen unha máquina fotográfica ou alguén que sou-



As cousas que o pobo usa, que vai desbotando, esas desaparecen. Hoxe xa é difícilísimo encontrar algunhas cousas destas do pobo. Hoxe un arado de madeira xa é difícil, unha cambela costa Dios e axuda dar con ela. Agora andamos eiquí atrás de conseguir unha barca "de dornas" do río Miño que desapareceron practicamente. E dese xeito, hai outras moitas cousas que se están perdendo definitivamente, que hai que recollelas agora, porque é o intre agora, en canto deixemos pasar uns anos, de todo eso non queda xa nada.

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.



bese dibuxar, ir recollendo as cousas que lle chamasen a atención, de casas, de aparellos de laboura, de cousas deste tipo, tomar notas, preguntarlle á xente. Eu teño encargado traballos destes moitas veces a alumnos meus, e téñenme feito e traído cousas moi interesantes sobre determinados aspectos. Por exemplo encol do cultivo do millo ou do corte da leña, de calquera cousa destas, nunha parroquia determinada. Estes traballos que eu recollía levéinos pra o Museo do Pobo Galego. E a continuación desta recollida sería perfectamente factible no día de hoxe, porque xa digo, trátase, de momento, de recoller materiais. Despois, estes mesmos rapaces, se seguen un vieiro determinado nos seus estudos, eles mesmos poden facer despois estudio dese material recollido. Hai moito por facer. Hai moito por facer.

E sería moi interesante esa recollida porque o que non se recolla agora, pérdese. O día de mañá, pois en fin, inda haberá cousas, pero base perder a maioría.

Eu teño unha experiencia. Ata o ano 1932 estiven recollendo cantigas da terra da Limia Baixa. Publiqueinas -son preto de tres mil- e xa non encontro alí unha soa persoa que saiba esas cantigas. Perdéronse totalmen-

te. E son, xa digo, recollidas ata o ano 32. De entón pra acá non recollín ningunha, e as xentes de alí xa non as coñecen. É unha cousa que se está perdendo. É como quen tira unha cousa polo río abaixo e non a colle no momento en que a ten á man: despois a auga lévaa e non se volve ver. E eiquí ocorre o mesmo. Esto váisenos.

GALICIA E PORTUGAL

Hai que ter en conta que o norte de Portugal e Galicia, son practicamente o mesmo. Se ben politicamente hai unha diferenciación, xeograficamente, historicamente, etnograficamente, é o mesmo. Incluso o idioma o é. Hai que ter en conta que os cancioneros galaico-portugueses están escritos nunha lingua que lle chaman galai-co-portugués, porque naturalmente nin era portugués nin era galego. Era galego e era portugués ó mesmo tempo. A identidade é tan extraordinaria que se ten visto moitas veces e estámolo vendo constantemente. Desde os traballos que facemos en etnografía sobre todo, batemos cos mesmos feitos, batemos cos mesmos costumes, mellor conservados en Portugal, por exemplo na materia de traxes, pero en xeral é o mesmo.

A cultura do norte de Portugal e a da Galicia é exactamente a mesma cultura, como é tamén a

A única maneira de entender un pobo é o entender a cultura dese pobo, e a cultura é a cultura popular, que esa non se improvisa nin pode vir de fóra porque esa é obra do mesmo pobo.

cultura do occidente de Asturias, da zona do Bierzo... En fin, tódalas terras limítrofes forman parte culturalmente desta que chamamos, tamén moitas veces, cultura do noroeste, non cultura de Galicia, porque ó falar de Galicia, claro, enténdese a Galicia xeográfica de hoxe, e non, ten un ámbito máis amplo.

E esta colaboración precisamente do norte de Portugal e de Galicia no terreo da investigación estámolo vendo constantemente. Eu teño asistido a unha serie de congresos de etnografía, e en todos eles se insistía sempre no mesmo: que é necesaria unha colaboración estreita de investigadores galegos e portugueses porque estamos investigando o mesmo, estamos investigando a mesma cultura. Eu ando, hai algún tempo, cun traballo encol da distribución dos diferentes tipos de xugos en Galicia, e atopeime con que as tres zonas en que se empregan



E esta colaboración precisamente do norte de Portugal e de Galicia no terreo da investigación estámolo vendo constantemente. Eu teño asistido a unha serie de congresos de etnografía, e en todos eles se insistía sempre no mesmo: que é necesaria unha colaboración estreita de investigadores galegos e portugueses porque estamos investigando o mesmo, estamos investigando a mesma cultura.

SOC. PORTUG. ANTROP. E ETNOL. - Fasc. 4 - Vol. 23 - 1980

*No querido Amigo Xosé, con un pouco de
abruse, afºo dedicado e vello amigo,
Santos Jrº
Nov 1981*

Coreografía Popular Trasmontana
(Moncorvo e Terra de Miranda)



os tres tipos de xugos que hai en Galicia prolónganse matematicamente polo norte de Portugal, e cada tipo de xugo de Galicia comprende unha zona que logo segue cara ó sur por Portugal. É o mesmo. É un feito por exemplo, que non logrou romper a política. É un feito cultural que continuou. ¿Como imos falar da distribución de xugos na Galicia se non podemos ampliálo ó norte de Portugal onde o fenómeno continúa exactamente igual? E en xeral, en tódolos aspectos da cultura, sobre todo deste da cultura popular, o norte de Portugal, -o sur xa non tanto, claro, porque está influído por outros elementos- pero o norte de Portugal e Galicia é o mesmo.

O OURENSE ANTIGO

Ourense derramárono totalmente.

Hoxe quen ve o Ourense vello non sabe o que era Ourense cando realmente Ourense tiña un Ourense vello. Había rúas encantadoras, como a Rúa de San Pedro, que xa non hai quen a coñeza, había rúas coma de San Miguel que a están desfazendo, rúas como a de San Fernando que tamén está completamente desfeita. Están derramando o pouco que queda en Ourense. Estano derramando da maneira máis definitiva. Ourense non creo que teña xa arranxo nese aspecto. Conservar algún rincón, algún monumento, algunha casa,

pero o demais está xa perdido, totalmente.

Claro que cando falo de que todo está perdido refírome ós conxuntos. Individualmente non. En Ourense, por exemplo, hai unhas casas moi interesantes que son estas casas que teñen o primeiro piso voado sobre o baixo, o segundo voado sobre o primeiro, e que rematan nun corredor. Son unhas casas cunhas fachadas encantadoras, e simpatiquísimas, pero claro, quedan poucas. O que se pode facer, eso si, é conservar esas casas, polo menos conservar as fachadas. Hai tamén casas, por exemplo baixando polos soportais da Praza do Trigo, unha casa que ten un



Debuxo de Conde Corbal en El Orense Perdurable.

Hoxe quen ve o Ourense vello non sabe o que era Ourense cando realmente Ourense tiña un Ourense vello. Había rúas encantadoras, como a Rúa de San Pedro, coma a de San Miguel, como a de San Fernando...

pedra natural, con pedra tal como se utilizaba antes?

Claro, eu sei que todo esto ten unba razón de ser: unba razón de tipo económico. O arquitecto a quen un señor lle pide facer unba casa e lle di quero unba casa que me coste pouco, o arquitecto ten que recorrer a materiais pouco nobres pra gastar o menos posible, e facela de cemento ou facela de ladrillo recuberto de cemento. Xa se sabe, é unba necesidade de tipo económico. Pero ó lado deso hai a obrigación por parte das autoridades de impoñer un criterio pra esas cousas. ¿Quere vostede facer unba casa nova? Moi ben. Fágaa vostede con arreglo a un modelo determinado ou coa aprobación duns organismos que entendan deso. Ou se a quere vostede facer como as de agora, desas que fan agora, fábríquea vostede onde non estorbe, e onde non estea desentonando.

patio interior maravilloso. Estas casas que tiñan unba entrada que daba ó patio, e logo arredor do patio unba balconada en cada un dos pisos... Desas aínda quedan algunbas. O que había que facer con elas era, primeiro conservar as que hai, pero sobre todo, e esta é a miña gran preocupación, utilizar os elementos tradicionais que tiñamos eiquí pra as casas novas. ¿Por que imos facer unba casa nova recubrirlle a fachada de gresite, facerlle unba serie de dependencias inútiles mal feitas que lle quiten todo o carácter? Eu non digo que vaíamos facer casas vellas. Non se trata de facer casas vellas, pero trátase de estudar, -e esta é a preocu-

pación miña, o estudio da vivenda popular, que se está perdendo- e aplicar os seus recursos, unba cantidade de elementos enormes, perfectamente aproveitables pras construcións modernas. Este é o labor que hai que facer, conservar a casa vella e conservar os elementos da casa vella. Hai algunbas casas en Ourense, na rúa de Lepanto precisamente hai un par delas, nas que foron moi ben aproveitados estes elementos, e as casas teñen moita gracia, pero aínda se podían ter aproveitado mellor. ¿Por que as casas que fan agora as han de recubrir con esas chapas de granito pulimentado que é horroso, podendo recubrilas con